

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Adecuación da Programación didáctica á Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato no Sistema Educativo de Galicia.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

a) Concrecións metodolóxicas:

- No período comprendido entre o 6 e o 22 de xuño aplicaranse as seguintes:
 - **Reforzo co alumnado con parte da materia suspensa:** o alumnado que non acade o aprobado na materia de Xeografía e Historia realizará actividades de recuperación correspondentes ás partes non superadas de cara a reforzar os seus contidos. Orientarase ao alumnado de cara a realización de probas finais de recuperación.
 - **Alumnado coa materia aprobada:** este alumnado realizará actividades de reforzo dos contidos considerados imprescindibles e actividades de ampliación.

b) Criterios sobre a avaliación e a cualificación:

- **Procedemento para acadar a nota da 3ª avaliación:** o procedemento será o mesmo que nas outras avaliacións.
- **Procedemento para a recuperación das partes da materia non superada:** o alumnado con partes da materia suspensas deberá realizar unha proba final de recuperación sobre os contidos impartidos nas avaliacións non superadas.
- **Procedemento para acadar a nota final:**
 - Alumnado coas tres avaliacións aprobadas: a este alumnado faráselle unha media aritmética coa nota das tres avaliacións aprobadas, podendo incrementarse ou baixarse a nota final desta media ata 1 punto, segundo a realización das actividades de reforzo ou ampliación
 - Alumnado con materia suspensa: este alumnado realizará unha proba final ordinaria sobre as partes non superadas da materia, sendo necesario obter nesta proba unha puntuación igual ou superior a 5 puntos para acadar o aprobado.